



A Terra e a Lúa móvense!

I. OS movementos da Terra

A Terra non permanece quieta no espazo, está en constante movemento, xirando sobre si mesma e, á vez, desprazándose arredor do sol.

Estes movementos chámanse **rotación** e **traslación**.

a) O movemento de **ROTACIÓN**.

A Terra rota, é dicir, xira sobre si mesma como unha luxaina ao redor dun eixe imaxinario que atravesa os polos.

O tempo que tarda a Terra en realizar unha rotación completa chámase **DÍA** e lévalle un pouco menos de 24 horas, pero seguro que eso xa o sabíais!.




b) O movemento de TRASLACIÓN.

Ao mesmo tempo que a Terra xira sobre o seu eixe, a Terra trasládase arredor do Sol e ten unha forma case circular.

A traslación é o xiro da Terra arredor do Sol.

O tempo que tarda a Terra en realizar unha traslación completa chámase ANO e dura 365 días e 6 horas (365,25 días). Ese pouquiño máis significa que cada catro anos febreiro ten un día máis, eso quere dicir que será un día bisiestro, nun ano bisiestro.





2. O día e a noite.

Vemos que hai día e noite.

Cada día desde a Terra vemos que:


- Ao amencer o Sol sae polo horizonte e faise de día.
- De día, o Sol ascende e percorre o ceo.
- Ao atardece, o Sol ponse polo lado oposto do horizonte. Faise de noite.

Por qué hai día e noite?

En realidade o Sol non se move polo ceo, senón que é a Terra, que rota e fai que vexamos o Sol durante o día e non o poidamos ver durante a noite. No espazo o Sol ilumina á Terra, pero do mesmo xeito que acontec coa Lúa, unha metade do planeta queda iluminada e a outra metade a escuras.

- Nos lugares da Terra que están na cara iluminada o Sol pode verse no ceo, e dicimos que é de día.
- Nos lugares da Terra que están na cara escura, o Sol non pode verse no ceo, e dicimos que é de noite.

Se a Terra non rotase, nunha metade sempre sería de noite e na outra sempre sería de día.



2. Mira estes vídeos:




1

2

2. Responde:

1. Que pasaría cos días e coas noites se a Terra non rotase?
2. Se nunha metade da Terra é de día, na outra é....
3. O sol móvese polo ceo?

3. Lee e ordena.



Chámase día ao tempo que tarda a Terra en dar unha volta sobre ese eixe, ese tempo son 24 horas. Tamén se chama día ao lado da terra que está iluminado polo SOL.

A Terra ten un eixe sobre o que xira, é invisible, como o que para polos teus dedos cando estás a suxeitar unha laranxa. Non está dereito, senon inclinado. Ao xirar sobre a terra realiza o movemento de rotación.

Os puntos por onde pasa a o eixe da Terra, chámanse polos.